

Alba MÉNDEZ

Cuba

Cóntame contos vellos de revolucións verdadeiras, amor,
lévame á viaxe
inzada de mañanciñas frescas na túa pel de amorodos
para darme folgos en cada combate.

Susúrrame versos onde afirmen que aínda hai un espertar,
unha *roxa alborada*,
perante a barbarie deste mundo:
Un POBO guerrilleiro resistindo fronte ao imperialismo,
digo Cuba, digo Palestina, digo Galiza.

Viaxaremos nas brigadas, camarada,
ofrecendo as mans abertas
e o pouco que podemos dar:
o CORAZÓN e o noso SANGUE fervendo.

Alquimista,
condúceme ao túnel
onde hai luz cara a saída,
á quimera do noso idealismo.

Os puntos de fuga
polos que paga a pena loitar xuntas
vense máis perto,
aínda que estean no infinito.

Choutamos por enriba do infortunio,
valentes,
mentres rola o vento en contra,
sen demoucar bágoas,

para procurar tanxer o firmamento
coa forza dos nosos puños ergueitos
Do noso devir.